



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Investigación e innovación na didáctica das ciencias sociais	Código	652513212	
Titulación	Mestrado Universitario en Didácticas Específicas			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web	<a href="http://pdi.udc.es/es/File/Pdi/B937K">http://pdi.udc.es/es/File/Pdi/B937K</a>			
Descrición xeral	Nesta materia afondarase na necesidade de investigar e innovar na didáctica das ciencias sociais. A tal efecto, coñecerase en maior medida o campo que lle é propio ás Ciencias Sociais e a súa didáctica.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer as bases teóricas do traballo interdisciplinar e identificar os seus centros de interese en contextos escolares e non escolares.
A2	Identificar e analizar criticamente propostas interdisciplinares no ámbito educativo.
A3	Deseñar, xustificar, organizar e avaliar de forma sistemática propostas interdisciplinares en distintos contextos educativos
A5	Adquirir unha formación metodolóxica para realizar investigacións educativas.
A6	Establecer os descritores xerais que caracterizan unha investigación: seleccionar, elaborar, tratar e interpretar os datos, e presentar os resultados de acordo cos propósitos da investigación.
A7	Capacidade de aplicar coñecementos teóricos relativos ás Didácticas Específicas, tanto á investigación como á innovación e a avaliación.
A8	Ser capaz de defender e argumentar de forma oral e escrita o traballo de investigación e/ou innovación realizado, utilizando, de ser o caso, recursos audiovisuais de apoio.
A9	Ensaia e avaliar formulacións de ensino disciplinares ou interdisciplinares en contextos educativos reais, e promover propostas de mellora en relación cos resultados obtidos.
A10	Coñecer os fundamentos teóricos que sustentan a investigación e innovación no ámbito das Didácticas Específicas
A11	Coñecer, comprender e utilizar a linguaxe científica e aplicala correctamente nas distintas formas de expresión e comunicación
A12	Identificar as principais liñas de investigación e innovación e a súa evolución nas Didácticas Específicas.
A13	Analizar e valorar criticamente investigacións e proxectos de innovación en ámbitos disciplinares específicos.
A14	Coñecer diferentes tipos de metodoloxía que se empregan na investigación educativa considerando a súa pertinencia para a resolución de problemas concretos
A15	Identificar criterios de calidade e control, tanto na investigación como na práctica docente, fomentando o espírito crítico, reflexivo e innovador.
A16	Deseñar, xustificar, organizar e avaliar propostas para a investigación e a innovación no ámbito das Didácticas Específicas.
A17	Seleccionar, adaptar e aplicar materiais e recursos TIC e doutra índole, para mellorar o ensino e a aprendizaxe das diferentes ámbitos disciplinares.
A18	Recoñecer a investigación e a innovación aplicada ás ciencias da educación como ferramenta continua de innovación e mellora educativa e social.
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.



B3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permita continuar estudando dun modo que terá que ser en boa medida autodirixido ou autónomo.
B6	Capacidade de análise e síntese.
B8	Traballar de forma autónoma e con iniciativa.
B9	Traballar de forma colaborativa.
B11	Capacidade de innovar (creatividade) dentro de contextos educativos escolares e non escolares.
B12	Comportarse con ética e responsabilidade social e ambiental como docente e/ou investigador.
B13	Ser capaz de comunicarse cos seus compañeiros, coa comunidade educativa e coa sociedade en xeral no ámbito das súas áreas de coñecemento.
B14	Incorporar as TIC no proceso de investigación e a xestión da información, a análise de datos e a difusión e comunicación de resultados
B15	Ter capacidade para actualizar os coñecementos, as metodoloxías e as estratexias na práctica docente.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
-Adquirir capacidades no ámbito propio da investigación.	AP1	BP1	CP1
-Adquirir capacidades en favor da innovación na didáctica.	AP2	BP2	CP3
-Recoñecer o campo propio da Didáctica das Ciencias Sociais.	AP3	BP3	CP4
-Ligar investigación e innovación coa área da Didáctica das Ciencias Sociais.	AP5	BP4	CP5
	AP6	BP5	CP6
	AP7	BP6	CP7
	AP8	BP8	CP8
	AP9	BP9	
	AP10	BP11	
	AP11	BP12	
	AP12	BP13	
	AP13	BP14	
	AP14	BP15	
	AP15		
	AP16		
	AP17		
	AP18		

Contidos	
Temas	Subtemas



-As Ciencias Sociais.	¿Qué son? ¿Cómo evolucionaron historicamente? Epistemoloxía das Ciencias Sociais. As Ciencias Sociais no sistema educativo: O medio social e cultural, a Xeografía e a Historia.
-Didáctica das Ciencias Sociais e investigación.	¿Qué é investigar na Didáctica das Ciencias Sociais? ¿Para qué investigar? Liñas de investigación na Didáctica das Ciencias Sociais. Desenvolvemento dunha investigación.
-Didáctica das Ciencias Sociais e innovación.	¿Que é innovación na Didáctica das Ciencias Sociais? ¿Para qué innovar? Áreas de innovación no ensino das Ciencias Sociais. Propostas de innovación .

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A7 C6	0	5	5
Lecturas	C1 C7	0	5	5
Recensión bibliográfica	B6 B8 B15	0	5	5
Aprendizaxe colaborativa	A1 A2 A5 A6 A9 A11 A17 B9 C3 C4	1	9	10
Sesión maxistral	A8 A10 A12 B3	15	5	20
Traballos tutelados	A3 A13 A14 A15 A16 A18 B2 C8	0	19	19
Discusión dirixida	B1 B4 B5 B11 B12 B13 B14 C5	5	5	10
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Lecturas	Son un conxunto de textos e documentación escrita que se recolleron e editaron como fonte de profundización nos contidos traballados.
Recensión bibliográfica	A recensión bibliográfica supón un proceso de lectura crítica dun libro, dun artigo, dunha tese ou dunha comunicación a un congreso. Como tal proceso comprende a lectura da obra, a análise do seu contido e unha crítica e valoración da mesma en relación á literatura existente sobre o tema. Unha recensión non supón un resumo da obra, nin unha mera análise do contido, pois o que lle outorga sentido e dimensión académica científica é a crítica que merece a xuízo do autor da recensión, en relación a outras obras coñecidas do mesmo ámbito ou en relación a súa propia experiencia.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.



Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.

#### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Traballos tutelados	Disponibilidade de comentar e aclarar dúbidas en horario de tutoría (para alén da aula).

#### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A3 A13 A14 A15 A16 A18 B2 C8	Desenvolverase un traballo titorizado polo docente.	100

#### Observacións avaliación

O/a estudante será avaliado por un traballo tutelado que poderá ser realizado individualmente ou en grupo de dúas ou tres persoas. Para que o alumno/a sexa avaliado únicamente polo traballo tutelado deberá asistir a lo menos a o 80% das sesións presenciais Se o estudante non chega a unha asistencia do 80% das clases presenciais deberá ser avaliado ademais de polo traballo, por unha proba individual. Neste caso os dous ítemes da avaliación (traballo e proba individual) terán unha ponderación do 50% esixíndose en cada unha delas a nota igual ou superior a 5 sobre 10
--

#### Fontes de información



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aranda Hernando, A. M<sup>a</sup> (2016). Didáctica de las ciencias sociales en Educación Infantil. Madrid: Síntesis</li> <li>- Ávila Ruiz, R. M<sup>a</sup> (coord.), Rivero Gracia, M<sup>a</sup> P (coord.), Domínguez Sanz, Pedro L. (coord.) (2010). Metodología de investigación en Didáctica de las Ciencias Sociales. AUPDCS</li> <li>- Barton, K. C (2010). Investigación sobre las ideas de los estudiantes acerca de la Historia. Enseñanza de las Ciencias Sociales, 9, 97-114</li> <li>- Calaf Masachs, R. (2009). Didáctica del patrimonio: epistemología, metodología y estudio de casos.. Asturias: Trea</li> <li>- Carretero, M., Limón Luque, M., López manjón, A., Jacott, L. (1995). Construir y enseñar. Las Ciencias Sociales y la Historia. Buenos Aires: Aique</li> <li>- García Ruiz, C. R., Arroyo Doreste, A., Andreu Mediero, B. (2016). Deconstruir la alteridad desde la Didáctica de las Ciencias Sociales. Educar para una ciudadanía global. Las Palmas: AUPDCS</li> <li>- Hernández Carretero, A. M<sup>a</sup>, García Ruiz, C. R., de la Montaña Conchina, J. L (2015). Una enseñanza de las ciencias sociales para el futuro: Recursos para trabajar la invisibilidad de personas, lugares y temáticas. Extremadura: AUPDCS</li> <li>- Kitson, A. (2015). Didáctica de la historia en Secundaria Obligatoria y Bachillerato . Madrid: Morata</li> <li>- Martínez Medina, R. y Tonda-Monllor, E. M<sup>a</sup> (Coord.) (2014). Nuevas perspectivas conceptuales y metodológicas para la educación geográfica. Córdoba: Universidad de Córdoba</li> <li>- Miralles Martínez, P., Molina Puche, S. y Ortuño Molina, J. (2011). La Investigación en Didáctica de las Ciencias Sociales. Educatio siglo XXI: Revista de la Facultad de Educación, 29, 1, 149-173</li> <li>- Santisteban, A. y Pagés, J.(eds.) (2011). Didáctica del medio social y cultural en educación primaria. Madrid: Síntesis</li> <li>- Santisteban, A. y Pagés, J.(Coord.) (2014). Una mirada al pasado y un proyecto de futuro: investigación e innovación en didáctica de las ciencias sociales. Barcelona: AUPDCS</li> <li>- Sebastián-Alcaraz, R. (2012). Investigación e innovación en didáctica de las ciencias sociales: historia. Alicante: Ramón Torres</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Diseño de proxectos interdisciplinares/652513205

Didáctica dos espazos culturais en contextos educativos/652513211

A interdisciplinidade en contexto/652513203

#### Materias que continúan o temario

#### Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías